





Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

Con respecto á **zona de traballo**, e ante o escaso desenvolvemento deste plan apróbase a mesma que a aprobada en anos anteriores, e dicir, de Punta Salinas a Punta Quilme, Areoso, Camallón, Punta Testos, Punta Niño do Corvo, Area Secada e Punta Cabalo. A ampliación correspondería con zonas de libre marisqueo e requiriría da conformidade de tódalas entidades interesadas na zona de explotación ou no seu caso a renuncia de cada unha delas, de acordo co disposto na Lei 6/1993, de 11 de maio, de pesca de Galicia (artigo 42). Esta documentación non figura no plan.

Este plan aprobouse no ano 2004, e dende entón só se desenvolveu durante 9 días do ano 2007, traballando 4 embarcacións que extraeron un total de 5.400 kg. Tendo en conta que a única mostraxe para avaliar o recurso foi realizada en data 06.10.2005, así como o escaso desenvolvemento do plan e os obxectivos son moi elevados, **considérase necesario que con anterioridade ao inicio da actividade do plan de explotación no ano 2009 se realice unha avaliación da biomasa explotable de ourizo no ámbito do plan**. Este estudo xa fora solicitado para o plan do ano 2008; sen embargo non foi realizado porque non se desenvolveu actividade extractiva ata a actualidade. De manterse a tendencia de inactividade deste plan de explotación (leva 5 anos aprobado con só 9 días de actividade) e de seguir sen realizarse avaliación biolóxica, a viabilidade da explotación quedaría comprometida para o seguinte plan que se presente.

As **condicións da explotación para o ano 2009** serán:

- O tope de captura redúcese a 50 kg/mergullador/día, cun máximo de 150 kg/embarcación .
- O número de días de actividade queda establecido en 30.

De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, a captura de ourizo poderá realizarse “tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15:00 horas”.

O informe da actividade de mergullo emitido en data 13.11.2008 é favorable á técnica de recolección en apnea sempre e cando dito plan sexa aprobado á efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.



O colectivo de mergulladores deberá planificar a súa actividade de xeito que non interfira co marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé, dado que traballa en áreas comúns coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Deben acreditar a aprobación do plan polo órgano competente da agrupación de mergulladores de recursos específicos.

Recomendacións para o desenvolvemento do plan:

- Presentación dunha avaliación do recurso con anterioridade á apertura do plan mediante un informe das mostraxes completo, composto dos seguintes apartados: introducción e antecedentes, material e métodos (incluíndo o mapa das estacións e coordenadas GPS), resultados e conclusións.
- Explotación rotativa das zonas explotadas, cun mínimo de 3 sectores.
- Controis periódicos da explotación (mostraxes, tallas de captura, etc.), así como un seguimento da actividade extractiva realizada (días, capturas, vendas, etc.) .
- Elaboración do plan financeiro.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negra o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración